

Guía para a inscrición no procedemento de acceso e admisión nos estudos de grao nas ensinanzas artísticas superiores da Comunidade Autónoma de Galicia

Convocatoria de acceso para o curso 2026/27

RESOLUCIÓN do 10 de abril de 2026, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convocan probas e se ditan instrucións para o acceso e admisión do alumnado nas ensinanzas artísticas superiores da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2026/27 (DOG núm. 77, do 27 de abril)

PREGUNTAS FRECUENTES

1. Que requisitos debo cumprir para acceder ás ensinanzas artísticas superiores?

- Nas ensinanzas artísticas superiores en xeral:
 - a) Requisito de titulación. Debes posuír un dos seguintes títulos:
 - Título de bacharel.
 - Título de ensinanzas artísticas superiores.
 - Título universitario.
 - Título de técnico superior.
 - Título declarado equivalente ou homologado aos anteriores títulos.
 - Certificado de ter superado a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
 - b) Ter superado a proba específica de acceso.
- Por quenda de acceso directo, só nas ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais e nas ensinanzas artísticas superiores de Deseño:
 - Posuír un título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño.

2. Que podo facer se non cumpro o requisito de titulación?

En xeral, as persoas que non cumpran o requisito de titulación indicado na resposta anterior non estarán en condicións de concorrer ao proceso de acceso e admisión nas ensinanzas artísticas superiores.

Nesta convocatoria **non existirá unha proba que substitúa o requisito de titulación**, en aplicación da *Lei 1/2024, de 7 de xuño, pola que se regulan as ensinanzas artísticas superiores e se establece a organización e equivalencias das ensinanzas artísticas profesionais*.

Por tanto, se non cumpres o requisito de titulación non poderás participar no procedemento de acceso e admisión nas ensinanzas artísticas superiores, agás nestas dúas situacións:

I. Só para persoas con materias pendentes de revisión no bacharelato:

- ➔ Aquelas persoas que desexen realizar a proba específica de acceso e teñan pendente algunha das materias do bacharelato poderán inscribirse no procedemento de acceso e admisión e realizar a

devandita proba. No caso de superar a proba específica de acceso, poderán optar á adxudicación da praza solicitada unha vez que acrediten que están en condicións para a obtención do título de bacharel antes da adxudicación das prazas na ensinanza artística superior correspondente.

- ➔ As persoas que estean pendentes do procedemento de revisión no centro, ou de resolución do Departamento Territorial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, ao respecto de reclamacións das cualificacións de materias de segundo curso de bacharelato ou das cualificacións nas materias pendentes de primeiro curso de bacharelato, deberán presentar, igualmente, a solicitude de inscrición para o acceso e admisión nas ensinanzas artísticas superiores no prazo establecido na presente resolución. De permitir o resultado da reclamación a obtención do título de bacharel, a persoa aspirante poderá optar á adxudicación de praza, sempre que supere a proba específica e achegue a documentación acreditativa de ter solicitado o dito título con anterioridade á adxudicación das prazas na ensinanza artística superior correspondente.

II. Só para ensinanzas artísticas superiores de Música para persoas que manifesten precocidade:

- ➔ As persoas menores de idade a partir de 16 anos -de 16 a 18 anos cumpridos no ano de realización da proba (2026)- poderán facer unha proba na que acrediten que acadaron o desenvolvemento das competencias clave previsto ao finalizar o bacharelato conforme o previsto no capítulo IV do título I da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, e na normativa de desenvolvemento, segundo o disposto no artigo 7.3 da Lei 1/2024, do 7 de xuño.
- ➔ Recorda que no caso de querer facer esta proba debes facelo constar na túa solicitude de inscrición.

3. Como me inscribo nas probas de acceso?

Debes seguir **tres pasos** para formalizar a túa solicitude de inscrición:

Paso 1. Xerar a solicitude de inscrición.

Debes cubrir a solicitude de inscrición a través de <https://www.edu.xunta.gal/eas>, que permitirá a achega electrónica da documentación requirida para este procedemento. O acceso á devandita aplicación poderá realizarse mediante os sistemas de identificación electrónica habilitados ao efecto.

Ten en conta que debes achegar o documento adxunto correspondente a carón da documentación exixida. Para isto, a aplicación informática permite a incorporación de documentos en formato .pdf, .jpg e .png, ata un máximo de 2 MB por documento adxunto.

* Se non posúes nacionalidade española e non dispós de documento nacional de identidade (DNI) ou número de identidade estranxeiro (NIE) podes acceder ao formulario de inscrición directamente nas secretarías dos centros.

IMPORTANTE: As solicitudes de inscrición debidamente formalizadas terán carácter único e vinculante para o curso académico 2026/27, sen posibilidade de modificación unha vez rematado o prazo de inscrición establecido.

É moi importante que sinalas con cautela as túas preferencias para cursar estudos.

Paso 2. Finalizar a solicitude de inscrición.

- Comproba cuidadosamente os datos introducidos na túa solicitude de inscrición.
- Preme no recadro correspondente a "Finalizar Solicitude".
- Imprime unha copia da túa solicitude en canto a finalices na aplicación e asínaa.

A xeración da solicitude na aplicación non producirá efectos administrativos mentres non se proceda á súa formalización.

IMPORTANTE: Para completar o proceso de inscrición non é suficiente con finalizar a instancia na aplicación informática, debes entregala tamén asinada. A solicitude entenderase presentada na data en que teña entrada no rexistro do centro educativo correspondente.

Paso 3. Formalizar a solicitude de inscrición.

Debes formalizar a inscrición mediante a presentación en prazo da solicitude asinada na secretaría do centro de inscrición.

O teu centro de inscrición é aquel que figure na túa solicitude como primeira opción de preferencia para cursar estudos.

A documentación requirida para o procedemento incorporárase electronicamente na aplicación informática no momento de cubrir a solicitude, polo que non será preciso presentala novamente no centro, sen prexuízo das actuacións de comprobación e validación que correspondan.

4. Que prazo teño para facer a miña inscrición?

Desde o día seguinte ao da publicación da resolución da convocatoria de acceso no <i>Diario Oficial de Galicia</i>	Para as ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática: ata o 16 de xuño de 2026, incluído
	Para as ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais: ata o 5 de xuño de 2026, incluído
	Para as ensinanzas artísticas superiores de Deseño: ata o 5 de xuño de 2026, incluído
	Para as ensinanzas artísticas superiores de Música: ata o 21 de maio de 2026, incluído, agás para para as persoas ás que resulte de aplicación o disposto no ordinal 2.6 da resolución da convocatoria, que rematará o 15 de maio de 2026, incluído
Desde o día 28 de abril de 2026	

5. Onde debo presentar a solicitude e a documentación?

O teu centro de inscrición é aquel que figure na solicitude de inscrición como primeira opción de preferencia para cursar estudos.

6. Que validez temporal ten a proba específica de acceso?

A superación da proba específica faculta só para matricularse no curso académico e especialidade/itinerario para a que foi convocada e realizada.

7. Que debo levar á proba específica de acceso?

Debes presentarte co teu documento oficial de identidade, ademais do que determine o tribunal en cada caso.

Non esquezas consultar as páxinas web do centro de referencia en cada caso:

- [Escola Superior de Arte Dramática de Galicia](#)
- [Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais](#)
- [EASD Antonio Faiñde](#)
- [EASD Mestre Mateo](#)
- [EASD Pablo Picasso](#)
- [EASD Ramón Falcón](#)
- [Conservatorio Superior de Música da Coruña](#)
- [Conservatorio Superior de Música de Vigo](#)

8. Cando e onde se realizarán as probas específicas de acceso para o curso 2026/27?

Para acceso a ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática	Data: A proba específica comezará a partir do día 6 de xullo de 2026. Lugar: Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, rúa de Poza Cabalo, s/n, Vigo	
Para acceso a ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais	Data: A proba específica será o día 17 de xuño de 2026. Lugar: Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais, rúa do Xeneral Martitegui, s/n, Pontevedra.	
Para acceso a ensinanzas artísticas superiores de Deseño	Data: A proba específica será o día 17 de xuño de 2026. Lugar: Nas catro EASD de Galicia: <ul style="list-style-type: none"> • EASD Antonio Faiñde, Avenida da Universidade, 18- A Cuña, Ourense • EASD Mestre Mateo, Virxe da Cerca, 32, Santiago de Compostela • EASD Pablo Picasso, rúa Pelamios, 2, A Coruña • EASD Ramón Falcón, Paseo dos estudantes, 31, Lugo 	
Para acceso a ensinanzas artísticas superiores de Música	Data: A proba específica será a partir do día 8 de xuño de 2026. Lugar: Nos dous conservatorios superiores de música de Galicia, segundo as especialidades e itinerarios indicados no anexo IV da resolución da convocatoria.	
	Conservatorio Superior de Música da Coruña Rúa Manuel Murguía, 44, A Coruña	<ul style="list-style-type: none"> • Especialidade de Dirección. • Especialidade de Interpretación, nos seguintes itinerarios: Acordeón, Arpa, Canto, Guitarra, Jazz, Percusión e Vento madeira.
	Conservatorio Superior de Música de Vigo Rúa Manuel Olivie, 23, Vigo	<ul style="list-style-type: none"> • Especialidade de Composición. • Especialidade de Interpretación, nos seguintes itinerarios: Corda fretada, Instrumentos da música tradicional e popular de Galicia, Música antiga (clave, viola da gamba, instrumentos de corda pulsada do Renacemento e do Barroco, instrumentos históricos de corda fretada-



		<p>violín barroco), Piano e Vento metal.</p> <ul style="list-style-type: none">• Especialidade de Musicoloxía, nos seguintes itinerarios: Etnomusicoloxía e Musicoloxía histórica.• Especialidade de Pedagogía, no itinerario de Pedagogía xeral e da linguaxe musical.• Especialidade de Produción e Xestión.
--	--	--

9. Como podo consultar os resultados ?

Podes consultar os resultados do seguinte xeito:

- Nos taboleiros de anuncios dos centros educativos.
- Na aplicación informática EAS (<https://www.edu.xunta.gal/eas>).

10. Que fago se obtiven praza?

Debes matricularte segundo as instrucións publicadas na resolución:

- a) Diríxete ao centro de adxudicación no prazo establecido.
- b) Segue as instrucións e cubre os impresos facilitados na secretaría do centro.

IMPORTANTE: Se non te matriculas nos termos e condicións indicados na resolución para a ensinanza artística superior á que solicitaches acceder, implicará que perderás o dereito á praza adxudicada.

Se optas ás ensinanzas artísticas superiores de Deseño contémpanse dúas adxudicacións e dous períodos de matrícula, polo que debes ler con atención as condicións sinaladas para cada caso no anexo III da resolución da convocatoria.